

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS, PARA A SUBSTITUCIÓN
DA UNIDADE EXTERIOR DA BOMBA DE CALOR DO TEATRO
JOFRE**

1. ANTECEDENTES

O teatro Jofre constitúe, co Auditorio, o principal equipamento cultural do Concello. Dende hai tempo, ven arrastrando problemas coa climatización que remataron coa avaría da instalación. Analizadas as causas que motivan o problema, conclúese que é preciso proceder á substitución da unidade exterior da bomba de calor, por presentar varias deficiencias que se repiten no tempo. O elevado importe da máquina, xunto coa instalación precisa, motiva a elaboración do presente PPT.

2. OBXECTO

É obxecto deste documento definir as condicións técnicas que rexerán no procedemento de contratación para a adquisición dunha unidade exterior da bomba de calor do teatro Jofre.

3. CANTIDADE, TIPO E CARACTERÍSTICAS DO MATERIAL A SUBMINISTRAR E DAS CONDICIÓNS DE CONTRATACIÓN

Estase a pensar nunha unidade exterior compacta aire aire, tipo RoofTop, condensado por aire, para ser instalada no lugar da existente, na cuberta do edificio, polo que os licitadores deberán ter en conta as posibilidades de instalación dos equipos ofertados, e a súa compatibilidade total coas instalacións existentes. A máquina estará pensada para climatizar locais de amplas dimensións cunha máquina que teña en conta as posibilidades de instalación na ubicación actual e as necesidades de espazo para o mantemento futuro da máquina. A tal efecto, os licitadores poderán visitar ás instalacións previa solicitude.

A empresa adxudicataria subministrará a máquina e os elementos accesorios do equipo ofertados, facéndose cargo, tamén, dos traballos de desinstalación da existente e de instalación da nova.

Os equipos reunirán, como mínimo, as condicións técnicas que se describen nos apartados seguintes. O cumprimento das características requiridas acreditarase mediante a presentación da documentación precisa.

Unha vez rematada a instalación, procederase á posta en marcha do equipo.

4. CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO

Os equipos obxecto do contrato, serán de fabricación nacional ou estranxeira, de primeira man e de recente fabricación, e da mellor calidade. Na súa fabricación cumpriranse tódalas especificacións construtivas incluídas no prego. Todos os equipos cumprirán as normas españolas e europeas en materia de máquinas, seguridade e medioambientais.

A oferta realizada entenderase chave en man, isto é, instalada e probada.

4.1. **Características xerais**

As características xerais do equipos son:

- Potencia mínima (capacidade termodinámica neta) (calor/frío): 100/120 Kw
- SCOP e SEER mínimos: 3,25 e 4 respectivamente (segundo EN14511-2018).
- Compresores Scroll de alta eficiencia.
- Resistencia de cárter nos compresores.
- Filtro deshidratador nos circuitos frigoríficos
- Válvula reversible en todos os circuitos
- Válvula de expansión directa termostática en intercambiador interior e intercambiadores exteriores
- Intercambiador con tubo de cobre expandido e aletas de aluminio
- Filtros en impulsión, como mínimo segundo RITE.
- Ventilador EC de velocidade variable en impulsión
- Caudal mínimo de aire acondicionado: 20.000 m³/h.
- Presión dispoñible en rede de impulsión: maior o igual que 200 Pa.
- SFP mínimo: 3
- Resistencia eléctrica de apoio, protexida contra altas temperaturas (mínimo de 20 kW, e, mínimo, con posibilidade de dous niveis de funcionamento).
- Sensor de calidade do aire
- Medida de enerxía eléctrica
- Medida de enerxía térmica
- Incluirá sistema antivibracións
- Interface de comunicacións. O control e o manexo da unidade se poderá levar a cabo en remoto, polo menos dende un posto de traballo situado na zona de oficinas do teatro.

5. **TRABALLOS A REALIZAR**

Os traballos a realizar son, ademais do subministro do equipo, todas as actuacións previas e posteriores para a súa instalación e funcionamento. Entre outras:

- Desmontaxe da unidade existente, incluíndo a súa retirada e desmantelamento posterior segundo a normativa vixente (débase ter en conta que se trata dunha máquina frigorífica, coa súa respectiva carga de refrixerante).
- A instalación do equipo, incluíndo os medios de elevación precisos e a adaptación das instalacións existentes para o novo equipo.
- A formación dos traballadores que operarán coa máquina.

Os traballos se desenvolverán tendo en conta as posibles molestias que podan ocasionar á actividade ordinaria do teatro, para o que será precisa a coordinación entre a empresa instaladora e a que xestiona o espazo cultural para minimizar as afeccións. A estes efectos, previa á instalación, e tendo en conta as molestias que se podan derivar da mesma, se realizará un cronograma de actuacións para determinar os tempos de traballo máis axeitados.

6. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

O adxudicatario entregará o equipo axustándose estritamente á oferta presentada, sen modificacións sobre a mesma.

7. PRAZO DE ENTREGA.

O prazo de entrega da unidade, será de **5 meses**, contados a partir da sinatura do contrato. A entrega enténdese *chave en man*, co equipo instalado e probado.

8. DOCUMENTACIÓN DEFINITIVA

Conxuntamente ca unidade rematada entregárase como mínimo, a seguinte documentación:

- 1 manual de funcionamento.
- Certificados de homologación dos equipos.

Todos os manuais da documentación debe estar redactada, polo menos, en galego ou castelán

Con independencia do anterior, o Concello se reserva a facultade de solicitar documentación complementaria ou outras certificacións acreditativas da calidade do produto.

De ser posible, entregárase unha copia da documentación en formato dixital: pdf ou similar.

9. FORMACIÓN

A empresa adxudicataria preparará un curso de formación de duración non inferior a unha xornada laboral para a instrución de operarios no manexo da máquina. A formación se impartirá na propia dependencia (o teatro Jofre) unha vez instalada e probada a máquina.

10. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía dos equipos subministrados será de DOUS ANOS, facéndose cargo o adxudicatario de calquera defecto que produza unha avaría dos equipos. Non obstante, os licitadores poderán propoñer prazos de garantía máis amplos, nas mesmas condicións, que serán avaliados no procedemento.

11. PREZO.

As ofertas presentaranse conforme ao procedemento e requisitos esixidos no PCA. O presuposto de licitación do conxunto equipo e accesorios, instalados e probados, ascende á:

Importe Base	57.910,20 €
Importe IVA (21%)	12.161,14 €
Importe Total	70.071,34 €

12. ADMISIÓN DE VARIANTES

Cada licitador fará a súa mellor oferta, non admitíndose variantes.

En Ferrol, na data da sinatura electrónica
O enxeñeiro municipal

Asdo.- Alberto Castro Rascado